

Internacional

Hopis, correr para que chova

Percorrido pola última reserva desta tribo nativa norteamericana, sita en Arizona, onde todo xira arredor da chuvia.

Entrevista

Marzena Adamczyk

Conversa coa mediática embaixadora de Polonia, un dos países europeos, xunto a Hungría, máis hostís á diversidade LGTB.

Reportaxe

Mareas, os rabiosos anos dez

Relato dunha década de éxitos e disolución, dos 200.000 votos de AGE en 2012 aos 54.000 de En Marea e Galicia en Común en 2020.

Diversidade ou barbarie

O asasinato de Samuel Luiz Muñiz na Coruña acendeu as alarmas sobre o incremento das agresións homófobas. Mentre a xuiza ditamina se é ou non delito de odio, as asociacións LGTB piden xustiza na rúa e avanzar na eliminación das discriminacións que sofre este colectivo, tal e como recolle a nova lei trans que busca harmonizar as normativas autonómicas.



República

125 años de cine en Galicia.
Entrevista ao fotógrafo Vari Caramés. América Latina a través do xénero negro.

Arredor dos delitos de odio

De xeito cotián lemos sobre a suposta comisión de delitos de odio contra persoas pertencentes a colectivos moi heteroxéneos. Mais non todas as denuncias por delitos de odio teñen como supostas vítimas persoas que poidan ser suxeitos pasivos destes.

Que é un delito de odio? Un delito de odio (*hate crime*, tamén definíbel en inglés como *message crime*, *discriminatory crime*, *bias crime* ou *prejudice crime*) é calquera acto tipificado como delito pola lei penal, motivado por un prexuízo baseado nunha específica característica da persoa, que representa un trazo substancial da identidade do grupo ao que pertence (raza, lingua, relixión, xénero, etnia, ideoloxía...). Estas características protéxense, en canto crean unha identidade común do grupo ou colectivo, e reflicten un elemento esencial da identidade persoa.

Que fai dun delito común un delito de odio?

O que converte un delito ordinario nun delito de odio é a escolla da vítima pola súa pertenza ao grupo a respecto da cal se dirixe o prexuízo do suxeito criminal. Porque os delitos de odio constitúen modalidades extremas do prexuízo, ao atacar as vítimas pola súa pertenza a un grupo determinado, de xeito que o importante no obxectivo delituoso non é a persoa en si, senón a súa pertenza a ese grupo. A vítima é elixida non polo que é, senón polo que representa. Os crimes de odio deitan a mensaxe de que a vítima e o seu grupo non son benvidos, e non van estar seguros e a salvo. Velaí que os delitos de odio neguen a dignidade da persoa e a igualdade de todas as persoas ante a lei e, deste xeito, constitúan graves violacións obxectivas dos dereitos humanos.

Por que é importante penar esta caste de delitos?

Os delitos de odio dividen as comunidades, porque, en xeral, cometéntense contra grupos que sofren, ou sufrieron historicamente algunha caste de discriminación.

Isto esixe unha resposta proporcionada e o bastante eficaz para que os poderes públicos non emitan a mensaxe de tolerancia fronte a este tipo de delitos. Unha tolerancia que fanaría a cohesión social e daría azos á repetición destas condutas, mesmo até niveis de confrontamento civil.

Como se regulan en Europa os delitos de odio? A Unión Europea esixe dos Estados membros a punición destas condutas dende 2008. Velaí o porqué de que o Estado español e a República portuguesa inserisen en cadanseu código penal estes delitos. A visión común da UE sobre estes crimes son seguidas tamén polos 47 estados europeos pertencentes ao Consello de Europa e asinantes da Convención Europea dos Dereitos Fundamentais (CEDF, 1949). O supremo intérprete desta Convención é o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), que resolve en derradeira instancia calquera preito no que se invoque polo recorrente a vulneración dun dos dereitos fundamentais acollidos na CEDF e, xa que logo, unificador de doutrina xurisprudencial neste senso para o Estado español, os demais 26 estados da UE e os 47 estados do Consello de Europa.

O TEDH edificou unha ampla xurisprudencia delimitando que condutas han ser consideradas impunes por estar abeiradas na liberdade de expresión, e que condutas constitúen obxectivamente abusos desta liberdade fundamental e, xa que logo, non están protexidos pola CEDF e polo seu intérprete máximo, o TEDH. Constrúe, entón, o TEDH un concepto positivo e comunitario da liberdade de expresión e, por extensión, do sistema de dereitos fundamentais, no senso de considerar que a propria dignidade da persoa e os

dereitos fundamentais dos demais constitúen o límite natural do exercicio da liberdade de expresión e de todo derecho fundamental.

5 Que di a xustiza dos EUA dos delitos de odio? A doutrina do TEDH europeo é contraria á do Tribunal Supremo dos EUA, que interpreta a liberdade de expresión acollida na «First Amendment» da Constitución norteamericana nun senso negativo e individualista, como espazo que permanecerá alleo a calquera intromisión dos poderes públicos, polo que, segundo o Tribunal Supremo dos Estados Unidos, non poderá ser sancionado como abuso á liberdade de expresión ningún tipo de discurso. Só as expresións verbais que supoñan unha invitación á agresión física delitosa expresa, directa, inmediata e, ademais, susceptíbel de xerar para a vítima ou vitimas un perigo actual, e non meramente teórico ou potencial.

6 É posíbel o delito de odio contra policías? No Estado español o delito de odio tipificouse no Código Penal desde 2015, cumplindo deste xeito a Decisión-Cadro da UE de 2008, que lles impuña a todos os estados membros da UE a cualificación como delito do discurso de odio, do *hate speech*. Mais, neste moi curto tempo de vixencia teñen xurdido importantes dúbidas a respecto da definición do perímetro destes delitos. Neste senso, son moi comúns as denuncias por delitos de odio contra funcionarios de policía, polo feito de pertencer a un corpo policial concreto e non polas súas calidades persoalísimas.

Mais o Tribunal Supremo español (ts), na sentenza que resolveu en casación o caso das agresións a gardas civís e achegados en Altatsua (Nafarroa), ao tempo de rebaixar as penas conservando un carácter desproporcionado polo rigoroso, determinou que ningunha persoa polícia pode ser suxeito pasivo dun delito de odio, pois os distintos Corpos de Seguridade son corpos funcionariais e, xa que logo, neutrais, polo que non poden ser obxecto de discriminación ideolóxica, gozando asemade da protección do delito de desacato que incrementa substancialmente os actos agresivos contra policías e autoridades en xeral. A mesma tese afirmouna o Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya (TSJC) nas resolucións que arquivaran de vez as denuncias contra soberanistas acusados de delitos de expresión contra policías nacionais e gardas civís nos días posteriores ao referendo do 1-0 de 2017.

7 É posíbel o delito de odio contra nazis ou fascistas? A Fiscalía Xeral do Estado, nunha Circular de 2018, consideraba que as persoas de ideoloxía ou encadramento organizativo nazi podían ser suxeitos pasivos do delito de odio, pois estarían a ser odiados pola súa ideoloxía. Semella que, á vista da nova xurisprudencia do ts e do TSJC, será moi difícil manter nun futuro a mesma tese. Ao abeiro da elaboración doutrinal e mais da xurisprudencia do TEDH de Estrasburgo, só poderán ser cualificados como delitos de odio os que teñan como destinatarias persoas de colectivos histórica ou actualmente discriminados ou minorizados, xa que é esencial ao delito a teima de estigmatizar e despersonalizar o colectivo de pertenza do suxeito ou suxeitos pasivos, até deitar a idea de que a sociedade será a mesma malia ser excluído o colectivo ou colectivos estigmatizados e despersonalizados polo deito de odio.

